

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA QUINCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZASETE.

Na Casa do Concello de Valdoviño (no Salón de Sesións Plenarias) reúnese no día quince de setembro de dous mil dezasete, a Corporación deste Concello con obxecto de celebrar a sesión de carácter ordinario mensual con comezo ás vinte horas e dez minutos en primeira convocatoria. Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, á que asisten os/as concelleiros/ concelleiras que se citan: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro Antonio García Sousa e dona Jessica Sabín Fernández do (PSdeG- PSOE); don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez Fernández e dona M^a Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG); don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos por Valdoviño (U POR V). Non acude á sesión don Luís Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL).

Asistidos da secretaria titular do Concello, dona Carlota González Navarro.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrese no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA ANTERIOR, CELEBRADA EN DATA 18 DE AGOSTO DE 2017.-

Os concelleiros asistentes á sesión aprobaron en votación ordinaria e por unanimidade o borrador da acta precitada.

2º.- APROBACIÓN DO PROCEDIMENTO DE XESTIÓN DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS DO SERVIZO DA AULA DA NATUREZA (PAI).-

Proposta, ditaminada favorablemente na comisión informativa de planificación territorial e xestión administrativa, de data 12 de setembro de 2017:

“Vista a necesidade de aprobar un procedemento para a xestión de suxestións e reclamacións do servizo da Aula da Natureza (Punto de atención infantil) do concello de Valdoviño, esta alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente e previa

consulta ao departamento de Servizos Sociais e Secretaría, PROPÓN ao pleno da corporación a adopción de acordo de aprobación do seguinte documento:

<p align="center">“PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS DO SERVIZO DA AULA DA NATUREZA</p>

1. INTRODUCCIÓN

O presente documento recolle o procedemento para a xestión das suxestións e as queixas presentadas no libro de reclamacións que recibe o servizo da aula da natureza de Valdoviño.

2. OBXECTO

O obxecto deste procedemento é dar cumprimento á normativa vixente e habilitar un protocolo de actuación a seguir para xestionar as suxestións, depositadas na caixa de suxestións situada na entrada da aula da natureza, e as queixas presentadas no libro de reclamacións que está a disposición das familias usuarias do servizo.

3. ALCANCE

Este procedemento é de aplicación á xestión e ó servizo prestado pola, incluíndo tanto á entidade titular aula da natureza, punto de atención infantil como á entidade xestora.

4. NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Decreto 243/1995, do 28 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación de centros de servizos sociais
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia
- Regulamento de participación veciñal (BOP nº 78, do 05/04/2008)

5. RESPONSABILIDADES

Será responsabilidade xeral do Concello levar un rexistro daquelas suxestións e reclamacións que as familias deixen constancia na caixa de suxestións e no libro de reclamacións relativo ó servizo da Aula da Natureza.

O persoal con responsabilidades neste ámbito será o seguinte:

- Responsabilidades políticas:
 - Alcalde ou Alcaldesa
 - Concelleiro ou Concelleira da área de servizos sociais
- Responsables de xestión:
 - Responsable da caixa de suxestións e do libro de reclamacións da Aula da Natureza.

- Directora da Aula Da Natureza: No caso do libro de reclamacións, é a responsable de comunicar as queixas presentadas polas familias.

6. NATUREZA

O seu obxecto é dispor dunha caixa de suxestións e dun libro de reclamacións con follas autocopiativas por triplicado, co fin de xestionar as suxestións e as reclamacións que se presenten en relación ó servizo.

O centro contará cun taboleiro no que se informará da dispoñibilidade do libro de reclamacións e proporcionaráselles ás persoas usuarias que desexen presentar unha reclamación relativo ó funcionamento do centro.

7. PROCESO DE XESTIÓN DAS SUXESTIÓNS

A caixa de suxestións está situada na entrada do centro acompañada e enquisas sobre a calidade do servizo no momento da súa entrega.

7.1. Control da caixa de suxestións:

Polo menos unha vez ó mes, na última semana, a responsable da caixa de suxestións recollerá os escritos que nela se depositasen.

7.2. Primeiras actuacións e remisión dos escritos:

A persoa responsable da caixa de suxestións analizará os escritos presentados, unha vez que os recolla.

Se o sentido do escrito pode ser resolto directamente, procederá a realizalo, indicándoo por escrito no propio documento. Posteriormente remitirao á persoa responsable do rexistro de suxestións do Concello.

Cando non fosen resolts directamente, os escritos serán remitidos, preferentemente por vía electrónica, á Alcaldía e/ou á concellería con competencias no servizo.

Se o asunto non pode ser solucionado directamente o escrito será igualmente remitido á persoa responsable do rexistro de suxestións.

A remisión dos documentos presentados farase o último día hábil do mes. Poderase facer directamente, entregándollos á persoa responsable do rexistro, ou ben por vía electrónica, logo da correspondente dixitalización do escrito.

7.3. Contestación ós escritos:

A Alcaldía ou a concellería competente decidirán que tratamento se lle dá ó escrito presentado.

Se é preciso, e sempre e cando as suxestións ou propostas conteñan os datos de contacto precisos, redactarán e enviarán as correspondentes contestacións, de cara a informar das actuacións realizadas ou que se van a levar a cabo, ou mesmo das limitacións existentes.

Estas contestacións archivaranse nos rexistros físico e dixital canda os escritos dos que se derivan.

8. PROCESO DE XESTIÓN DAS RECLAMACIONES

8.1. Control e remisión das reclamacións:

Unha vez que a familia curse a reclamación por escrito a xestión será do seguinte xeito:

- As familias interesadas cubrirán e presentarán a reclamación por escrito no libro de reclamación habilitado para tal fin. As familias recibirán unha copia da súa reclamación
- A dirección do centro, á vista da reclamación, elaborará un informe do sucedido e das medidas adoptadas ó respecto
- A reclamación, xunta o informe devandito, poñerase en coñecemento da técnica responsable municipal do funcionamento da Aula da Natureza, no prazo de tempo máis reducido que sexa posible
- A técnica municipal encargárase de remitir outra das copias da reclamación, xunto co informe do sucedido e das medidas adoptadas ó respecto, ós Servizos de inspección de familia e menores, da Xunta de Galicia, nun prazo máximo de 3 días hábiles. Este envío farase por calquera dos seguintes medios, habilitados pola propia Inspección:
 - Correo ordinario ou entrada en calquera do rexistro de Administración autonómica, ou nos lugares admitidos conforme ao artigo 38.4 da Lei 30/1992 das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no seguinte enderezo:

Servizo de Inspección de Familia e Menores
Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais
Secretaría Xeral Técnica. Consellería de Política Social
Edificio Administrativo de San Caetano
15781 Santiago de Compostela
 - Fax: 981 957 697
 - E-mail: inspeccion.familiaemenores@xunta.es

8.2. Medidas correctivas:

A responsable técnica municipal, en colaboración coa dirección do centro, á vista da reclamación, do informe do centro e das indicacións que a Inspección de familia e menores poida facer, decidirán e aplicarán as medidas preventivas precisas para evitar novas reclamacións no mesmo sentido.

8.3. Contestación ás reclamacións:

Asemade, en canto sexa posible, comunicárase por escrito á familia reclamante sobre o proceso seguido coa súa reclamación, as actuacións paliativas tomadas e as medidas preventivas que se han desenvolver, sempre que sexan precisas, para dar resposta á queixa ou reclamación presentada.”

Valdoviño 31 de xullo de 2017,
O alcalde,
Alberto González Fernández”

Despois de ver a anterior proposta e o ditame favorable da comisión informativa pertinente, o Pleno da Corporación, acordou mediante votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión a aprobación do procedemento de xestión de suxestión e reclamacións do servizo da Aula da Natureza; conforme a dita proposta.

3º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL. EXERCIZO 2016.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA:

“Visto o expediente que se tramita para a aprobación da Conta Xeral do Concello de Valdoviño, correspondente ó exercicio económico 2016, de conformidade co disposto no artigo 208 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que comprende tódalas operacións levadas a cabo durante o exercicio de referencia, tanto orzamentarias como independentes e auxiliares, patrimoniais e de tesourería.

Exposto ao público a conta formada pola Intervención municipal a partires do 17.07.2017 (data de publicación do anuncio no BOP da Coruña), ditaminada favorablemente a dita conta na sesión da Comisión Especial de Contas celebrada en data 04.08.2017, ditame que se adxunta ao dito expediente. En data 08.09.2016 rematou o prazo para a interposición de reparos ou observación, en consecuencia, non constando presentada ningunha reclamación, reparo ou observación, conforme certifica a Secretaria Municipal.

PROPONSE:

PRIMEIRO: Aprobar a conta xeral correspondente ao exercicio 2016.

SEGUNDO: Efectuar rendición da mesma ao Consello de Contas, quedando acreditado no expediente a efectividade da aprobación da conta xeral para o exercicio 2016.

Valdoviño, a 12 de setembro de 2017.

O alcalde-presidente

Asdo. Alberto González Fernández”

O Sr. Vigo Lago anuncia que o voto do seu grupo vai ser en contra da aprobación por estáren pendentes diversas contratacións e os pagos feitos serían doutro xeito si se tivesen os procedementos contractuais debidos.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión, acordou aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercizo 2016.

Votos favorables do grupo de goberno (PSdeG-PSOE) e do BNG: 7 votos; votos en contra do PP: 4 votos e abstención de U POR V: 1 voto.

O grupo CENVAL non asiste á sesión.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Ao abeiro do artigo 91.4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Sr. Alcalde somete a consideración do Pleno por razón de urxencia a inclusión dos seguintes puntos na Orde do Día:

1.- A determinación de festivos locais no término municipal de Valdoviño para o ano 2018 xustificando a urxencia no feito de que se recibiu o escrito con posterioridade á data de convocatoria da presente sesión e que é preciso remitir o acordo adoptado antes do 15 de outubro do corrente, e sendo que non está prevista ningunha sesión plenaria para antes desa data. O Pleno da Corporación aprecia a urxencia deste punto.

.- DETERMINACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS NO TÉRMINO MUNICIPAL DE VALDOVIÑO, ANO 2018.-

Visto que en data 13/09/2017, recibíuse escrito da Xunta de Galicia (Xefatura Territorial da Consellería de Economía Emprego e Industria) instando ao Concello a determinación de festivos locais, e que o percibo do escrito é posterior á data legal de convocatoria da sesión plenaria e Visto que debe resolverse o solicitado e remitirse ao citado organismo Autonómico antes do 15 de outubro de 2017,

Sometese a aprobación do Pleno *-previa rectificación da urxencia e conseguinte inclusión deste punto Fóra do Orde do Día-* a seguinte proposta de Alcaldía:

Proposta de Alcaldía:

Visto o escrito do Servizo de Traballo e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria de rexistro saída 7067/RX 1262045 de data 11.09.2017, con entrada nas oficinas municipais o 13.09.17, con rexistro entrada núm. 2975, de Asunto: *Calendario Laboral 2018 e,*

Vista a previsión das festas laborais na Comunidade Autónoma de Galicia e as festas de ámbito estatal para o vindeiro ano 2018 especificadas no escrito recibido.

Esta Alcaldía aos efectos de dar resposta á súa comunicación e Vistos os artigos 37 do Estatuto dos Traballadores e o artigo 46 do Real decreto 2001/1983 de 28 de xullo, PROPÓN ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.-Determinar os seguintes dous días do ano natural como festivos locais neste término municipal de Valdoviño para o vindeiro 2018:

.- 13 de febreiro, martes de carnaval (antroido).

.- 17 de agosto, día de San Mamede.

SEGUNDO.-Remitir o acordo adoptado á Xefatura Territorial da Coruña correspondente á Consellería de Economía, Emprego e Industria aos efectos de que poidan ditar a correspondente resolución.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime convinte.

En Valdoviño, a 14 de setembro de 2017.

O Alcalde,

Asdo/ Alberto González Fernández.”

O Sr. Ameneiros plantexa que se propoña a unificación de festivos nos concellos da comarca, en datas coma pode ser o martes de antroido.

O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acordou ratificar a urxencia deste asunto e co mesmo tipo de votación acordou a aprobación da proposta da Alcaldía, de determinación dos festivos locais do 2018.

2.- A aprobación de expediente de modificación de crédito da que adiantou en comisión informativa do 12 de setembro pasado a necesidade de someter este punto a aprobación plenaria. Basea a urxencia na necesidade de incrementar canto antes crédito en partidas para posibilitar o desenvolvemento de actos e actividades culturais e deportivas e para facer fronte a factura da empresa do tratamento de residuos de concellos. O Pleno apreciou a urxencia deste punto.

.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 09/2017.-

PROPOSTA DO ALCALDE:

“ASUNTO: EXPEDIENTE NÚM. 9/2017 MC TC (TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DE COMPETENCIA PLENARIA)

Visto que neste exercicio 2017, como consecuencia de necesidades imprevistas foi necesario acometer gastos que derivaron nun incremento dos previstos inicialmente na vinculación xurídica 1-2 (servizos obrigatorios), así como a elevada demanda da veciñanza para participar nas programacións deportivas, trouxo como consecuencia que a estas alturas do ano o crédito na vinculación xurídica 3-2 se teña esgotado, aos efectos de non interrompirlas prestacións de obrigada prestación, e as referidas a actividades de promoción deportiva de carácter preferente por determinar cumprir con obxectivos de xerar hábitos saudables entre os nosos veciños, incrementar a oferta de lecer e tempo libre determinando a prestación dunhos servizos de calidade en diferentes materias de competencia local que instan e instarán a elixir ao noso concello como lugar onde radicar a

residencia ou exilio como destino turístico que serve para mellorar o desenvolvemento económico do noso municipio, urxe dotar de crédito aplicacións orzamentarias, para poder atender con normalidade o gasto a realizar, polo tanto en base ao motivado considérase necesario incluír na orde do día do Pleno ordinario de setembro, a aprobación da modificación de crédito 9/2017 MC TC.

De conformidade co disposto no artigo 179 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais, do art. 40 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do devandito Texto Refundido, PROPONSE AO PLENO:

Primeiro.- Visto o establecido no artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de decembro, e vista a motivación dada na parte expositiva desta proposta, RATIFICAR a urxencia da necesidade de inclusión na orde do día da proposta de aprobación da modificación de crédito 9/2017 MC TC

Segundo.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 9/2017 MC TC , co seguinte detalle:

I. Aplicación orzamentaria cuxo crédito se minora:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
920 120 03	Retribucións básicas C1 persoal de Admon xeral	- 9.000
920 121 00	Retribucións Complementarias (complemento destino) persoal de Admon xeral	-5.000
920 121 01	Retribucións Complementarias (complemento específico) persoal de Admon xeral	- 10.000
920 160 00	Custos sociais persoal adscrito a Admon Xeral	- 15.000
TOTAL		-39.000 €

II. Aplicación orzamentaria cuxo crédito se incrementa:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
-------------------	-----------------	----------------

ORZAMENTARIA		
1621 227 99		14.000,00 €
341 227 99		25.000,00 €
TOTAL		39.000,00 €

Terceiro.- Expoñer ao público dito expediente durante 15 días mediante a publicación de anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro municipal de edictos.

Cuarto.- Aprobar, con carácter definitivo, o referido expediente se contra o mesmo non se presentasen reclamacións durante o prazo de exposición pública.

Quinto.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo a nivel de capítulos no taboleiro municipal de edictos e no Boletín Oficial da Provincia.

Sexto.- Ratificar o incremento das retribucións fixas e periódicas dos postos de persoal que figuran na relación de postos de traballo e plantilla, aprobados no orzamento correspondente ao ano 2017 na porcentaxe do 1%, conforme se establece na Lei 3/2017 de 27 de xuño, con efectos dende primeiros de ano, establecendo condicións idénticas de incremento nos respectivos conceptos retributivos ao persoal laboral.

Valdoviño, 14 de setembro de 2017

O Alcalde

Alberto González Fernández”

O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia deste punto, que en consecuencia inclueuse Fóra da Orde do Día.

En votación ordinaria e por maioría dos asistentes á sesión a Corporación acordou a aprobación da modificación de crédito nº 9/2017 (transferencia de crédito), segundo a proposta de Alcaldía; cos votos a favor do grupo de goberno (PSOE) e do BNG, que suman 7 votos; e abstención do grupo do PP e do grupo U POR V: 5 votos.

O grupo CENVAL non asiste á sesión.

II. CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

4º.- DAR CONTA AO PLENO DE DECRETOS DE ALCALDÍA (Emitidos dende o 08/08/17 ao 08/09/17).-

De conformidade co sinalado no artigo 42 do ROFRXEL procedese a dar conta á Corporación de decretos da Alcaldía que se ditaron entre o 08 de agosto e o 08 de setembro de 2017 e que comprenden os números de decretos do 348 ao 372 do corrente ano para que os concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal aos efectos do control e fiscalización dos órganos de goberno previstos na LRBRL.

O Pleno dáse por informado.

5º.- CONFORME AO ARTIGO 218 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE FACENDAS LOCAIS (TRLFL) E BASE DE EXECUCIÓN Nº 29, DAR CONTA DE INFORME ANUAL REFERIDO NO DITO ARTIGO.-

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: INFORME A ELEVAR AO PLENO AO QUE SE REFIRE O ARTIGO 218 DO TRLFL

No artigo 218 do TRLFL establécese o seguinte (procedo a transcribir);

“**Artículo 218 Informes sobre resolución de discrepancias.**

1.El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.

Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.

2.Sin perjuicio de lo anterior, cuando existan discrepancias, el Presidente de la Entidad Local podrá elevar su resolución al órgano de control competente por razón de la materia de la Administración que tenga atribuida la tutela financiera.

3.El órgano interventor remitirá anualmente al Tribunal de Cuentas todas las resoluciones y acuerdos adoptados por el Presidente de la Entidad Local y por el Pleno de la Corporación, contrarios a los reparos formulados, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. A la citada documentación deberá acompañar, en su caso, los informes justificativos presentados por la Corporación Local”.

Na base de execución nº 29 das bases de execución do orzamento establécese o seguinte;

“**Información sobre reparos**

Para darlle cumprimento ao disposto no artigo 218 do Real decreto legislativo 2/2004, o interventor emitirá informe anual sobre todas as resolución adoptadas polo presidente da Corporación e acordos adoptados por Xunta de Goberno Local contrarias aos reparos emitidos pola intervención e sobre as principais incidencias detectadas en materia de ingresos, do dito informe darase conta, en apartado específico da orde do día, na sesión plenaria na que sesometa a aprobación a conta xeral”.

Aos efectos de darlle cumprimento ao indicado, a intervención solicita a Alcaldía que eleve ao pleno, na sesión ordinaria do mes de setembro (na que tamén se propón a aprobación da conta xeral

do exercicio 2016), como punto independente da orde do día o informe das resolución e acordos adoptados, aos que se refire ese artigo, ao longo do exercicio 2016, dende a data da súa incorporación (toda vez non se deixou información ao respecto polas anteriores interventoras/es durante o exercicio 2016).

Advertir que xa foi aprobado o RD 424/2017 de 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, establecendo no seu artigo 15.6 o seguinte;

“Con ocasión da la dación de cuenta de la liquidación del Presupuesto, el órgano interventor elevará al Pleno el informe anual de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, o en su caso, a la opinión del órgano competente de la Administración que ostente la tutela al que se haya solicitado informe, así como un resumen de las principales anomalías detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice. El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación”.

Indicar que non constan solicitudes de informe por parte da Alcaldía ao órgano de tutela financeira en referencia a resolución de discrepancias, ao igual que se comproba que na redacción das resolución adoptadas se motiva a adopción do acordo. Aos efectos de elevar ao Pleno os informes remitidos ao Consello de Contas (que se refire aos reparos de carácter suspensivo), a Alcaldía pode emitir informe xustificativo dos acordos adoptados.

Acompañan as relacións remitidas ao órgano autonómico de control externo. O prazo de remisión dilatouse por ter problemas de acceso a plataforma telemática de rendición, e problemas informáticos que impedían o acceso a dita plataforma que tardaron solucionarse.

En Valdoviño, a 12 de setembro de 2017.

A Interventora,
Asdo; Gema Leal Insúa”.

O Pleno tomou coñecemento do informe.

Dentro da actividade de control do pleno dáse conta nesta sesión da seguinte aclaración:

“ACLARACIÓN A ELEVAR AO PLENO ORDINARIO DE SETEMBRO REFERIDA AO ACORDO ADOPTADO DE APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL RELEXADO NO EXPEDIETNE Nº 3/2017 E QUE SE MATERIALIZABA NA RELACIÓN DE FACTURAS F/ 2017/15.

No artigo 88. 4 da Lei 37/92 de 28 de decembro , Lei do Imposto do Valor Engadido, establécese o seguinte;

“Cuatro. Se perderá el derecho a la repercusión cuando haya transcurrido un año desde la fecha del devengo.”

Vista que a relación de facturas contiña varias nas que segundo o establecido no artigo 75 da dita Lei (data de devengo) tiña transcurrido máis dun ano dende a mesma, en concreto as seguintes;

F/2017/789 17/03/2017	B70234695	TAX CONSULTING PANTIN, S. L.	Emit- 14
		FRA. Nº EMIT-14 (17/03/2017). CONFECCIÓN DE NÓMINAS DURANTE O ANO 2015.	
F/2017/1672 07/07/2017	32691318S	RUBEN CASAL ARZUAGA	10
		FRA. Nº 10 (08/05/2015). SERVICIOS DE ANIMACIÓN E ATRACCIÓN INFANTÍIS EN NADAL DO ANO 2013.	
F/2017/1674 07/07/2017	32691318S	RUBEN CASAL ARZUAGA	8
		FRA. Nº 8 (08/05/2015). SERVIZO DE FESTA INFANTIL CON CASTELOS, TOURO MECÁNICO E EQUIPOS DE SONS EN ENTROIDO 2013	
F/2017/1675 07/07/2017	32691318S	RUBEN CASAL ARZUAGA	4
		FRA. Nº 4 (10/04/2015). ALUGUER DE CARPA, JAIMA E ESCINARIO PARA EVENTO DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS EN VILARRUBE.	

Aclarar que no suposto das ditas facturas, aínda que se aproba as mesmas como recoñecemento extraxudicial , o proveedor xa perdeu o dereito a repercutir o IVE, en consecuencia procede efectuar somentes o abono do importe da base imponible.

Aos efectos do establecido no citado artigo no apartado sexto no que se establece o seguinte;

“ Las controversias que puedan producirse con referencia a la repercusión del impuesto, tanto respecto a la procedencia como a la cuantía de la misma, se considerarán de naturaleza tributaria a efectos de las correspondientes reclamaciones en la vía económico-administrativa”.

Procederá a notificación do acordo de aprobación do recoñecemento extraxudicial, especificando a non correspondencia da repercusión do IVE, establecendo os pé de recurso correspondentes.

En Valdoviño a 14 de setembro de 2017.

O Alcalde;

Asdo; Alberto González Fernández”

O Pleno da Corporación dáse por enterado da aclaración realizada e anteriormente transcrita.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

GRUPO MUNICIPAL BNG.-

Polo voceiro do BNG, Sr. Ameneiros Serantes acometese a súa intervención coas seguintes cuestións:

*.- Pregunta se o grupo de goberno vai seguer coa substitución das luminarias públicas co sistema led.

Sr. Alcalde.- Sí. Non saíron subvencións da Xunta para esta materia específica, sendo determinante un previo estudo de aforro de enerxía.

Sr. Rodríguez Fernández.- Hai que facer un estudo en todas as parroquias.

Sr. Alcalde.- Hai posibilidade de facer unha substitución conxunta a través do IDEA. O ano pasado había axudas do 80% e creo que se manteñen neste ano. O ano pasado non puidéramos por asesoramento impeditivo da interventora anterior de acudir a estas axudas porque había que ir a un préstamo.

Sr. Vigo Lago.- O cambio de alumeadado público en todo o término municipal xa o tratamos no meu mandato e fixemos estudos pero daquela o sistema led era custoso, polo que merecía a pena ir pouco a pouco á vista da estimación de que ía baixar o custo como así está a ocorrer. Tamén xenera relevancia en relación con isto o cambio de contadores da luz que van ser electrónicos.

Sr. Ameneiros.- Sí, porque cando se consume máis non salta e implica un incremento do prezo da enerxía a pagar.

Sr. Vigo Lago.- Coméntouse no seo da Mancomuniade a posibilidade de facer un contrato de subministración con empresa apropiada.

Sr. Alcalde.- Si, pero xurdían factores diferentes cada día e trasladouse o asunto a unha Fundación para asesoramento e información.

Sr. Vigo Lago.- Nós efectuamos un estudo que apreciaba un aforro duns 400.000 euros.

Sr. Ameneiros.- Podemos ligar isto ao tema da minicentral.

Sr. Vigo Lago.- O problema da minicentral é que teríamos que pagarlle a Fenosa, poñer a enerxía producida á venda e non é rendable; si que sería rendable podendo aproveitar toda a enerxía.

Sr. Alcalde.- Entendo que a pesar diso, non debe de abandoarse a concesión.

*.- Pregunta o Sr. Ameneiros pola cesión de terreo da estrada e colocación de marquesiña na zona da rotonda de “Robles”.

Sr. Alcalde.- A cesión é viable pero o da marquesiña está parado porque non hai espazo e porque hai xente que está pedindo a devolución de dominio.

*.- O Sr. Ameneiros abunda na observación da perigosidade no acceso ás Vivendas Sociais e igualmente da conveniencia de reforzar a sinalización dos pasos de peóns existentes na Porta do Sol.

Sr. Vigo Lago.- Existen sinais verticais luminosas, movidas por enerxía solar que cada vez se implantan en máis sitios.

GRUPO MUNICIPAL UNIDOS POR VALDOVIÑO.-

Polo voceiro de U POR V, Sr. Bacorelle Robles acometese a súa intervención coas seguintes cuestións:

*.- Entende que se goberna para prestar servizo á veciñanza pero constata unha situación de carencia de resposta a escritos da veciñanza, en referencia a un tema de reclamación polo servizo e pagamento do lixo.

Sr. Alcalde.- Penso que se contestou.

*.- Pregunta a razón do cambio do cartel de Centro de Maiores por Centro Sociocomunitario.

Sr. Alcalde.- Polo tema do percibo de axudas que se orientan para centros sociais en xeral e non soio para maiores (así nese local realizáronse cursos de formación, reunións de veciños e outros actos).

Sr. Bacorelle.- Roga que se procure que os que usen o local polas tardes o deixen pechado. (Aclarase que quedou aberto pola mañá non pola tarde).

*.- Pregunta se chamaron de Medio Rural ofrecendo axuda para tractor.

Sr. Alcalde.- Con independencia da axuda ofrecida, hai que dicir que era un convenio de urxencia, no que a axuda se cifraba en 90000 euros pero houbo que renunciar a ela por falta de tempo para dar cumprimento á tramitación do expediente, polo que lles pedimos que fixesen as convocatorias de axudas con tempo.

GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR.-

Polo voceiro do PP, Sr. Vigo Lago, acometese a súa intervención coas seguintes cuestións:

*.- Pregunta sobor da limpeza de camiños e cunetas, á vista de que nalgunha zona limpouse un lateral e non o outro.

Sr. Vega.- Sería a que vai de Pantín a Loira. O traballador tractorista está de vacacións.

*.- Pregunta sobor de escritos presentados en rexistro e referentes a problema en Outeiro.

Sr. Alcalde.- En Outeiro unha persoa quería talar madeira da súa propiedade e pediu ao Concello a limpeza e acceso dese camiño (polo que por certo non se pasa dende hai 20 anos). A Policía Local fixo informe no que di que non se pode delimitar os límites e que se precisa informe técnico. Por outro lado hai dúbidas sobre se o camiño é público ou privado. Algúns veciños din que é privado. Resolverase. Pero o veciño está usando outra entrada para sacar a madeira.

*.- Pregunta se despois de paralización de obra ilegal en O Moucho-Meirás se continuou coa tramitación do expediente.

Sr. Alcalde.- Estase tramitando.

Sra. Secretaria.- Non, non se seguiu despois da paralización. Hai que iniciar expte de reposición, unha vez teñamos o informe técnico municipal.

*.- Pregunta por un escrito de entrada no que se pide ao Concello responsabilidade debido a caída dunha persoa. ¿Non están en condicións os paseos? Neste caso o da Frouxeira?.

Sr. Alcalde.- Parece que nesa zona onde ocorreu o accidente non está mal; sí un pouco erguido; que segundo consideración técnica non ten que estar o chan do paseo totalmente lineal senón que pode presentar disfuncións derivadas das propias características do elemento.

*.- Pregunta polo financiamento de obras no camiño do Carballal que se anunciaron na prensa.

Sr. Alcalde.- A Deputación asume o 80% e o Concello o 20%. Corresponden a un convenio onde se contempla o amaño de varios camiños.

*.- Pregunta por un escrito de entrada núm. 2578, do mes de agosto de reclamación de débeda por Gas Natural.

Sra. Interventora.- Fan ás veces reclamacións automáticas (sucede en todos os concellos) e o mesmo pasa con Telefónica. O millor débese a facturas atrasadas que foron devoltas.

Eu persoalmente reviso todas as facturas e no rexistro non as teño.

Sr. Vigo Lago.- Si. No meu mandato tiveramos tamén que facer unha revisión, porque algunhas que reclamaban non estaban presentadas no Concello.

A Sra. Cristina Freire Aneiros pregunta si este ano non se vai celebrar en setembro a milla urbana.

Sr. Saavedra Gutiérrez.- Si, aínda que a Deputación non outorgou a subvención porque non chegamos ao mínimo de participantes, imos facela igual. Organizase dende a concellería de Deportes.

Non hai máis intervencións e o Sr. Alcalde-Presidente anuncia o remate da sesión cando son as vinte e unha horas e vintecinco minutos; sesión da que, eu Secretaria municipal estendo a correspondente acta, comprensiva do nela acontecido e CERTIFICO.

V. e Pr.
O Alcalde,

A Secretaria